

CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2010/2011

Obxectivo:

- O artigo 88.3 dos Estatutos establece que “para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito”.
- A Universidade de Vigo pon en marcha un programa de concesión de anos sabáticos durante o curso 2010/2011 que permita contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente.

Solicitantes:

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer ós corpos docentes universitarios ou ser contratado doutor fixo.
- b) Ter unha antigüidade non inferior a sete anos continuados na Universidade de Vigo, con adicación a tempo completo.
- c) Non ter gozado dun ano sabático posteriormente ao curso 2003/04.

Formalización das solicitudes:

As solicitudes dirixiranse ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Curriculum Vitae
- b) Descrición das actividades a realizar durante o período sabático, na que se xustifique a conveniencia da suspensión da actividade docente ordinaria así como o compromiso de presentación dun informe da actividade realizada.

Avaliación das solicitudes:

Para a concesión do ano sabático se terán en conta, fundamentalmente os períodos de actividade docente e investigadora avaliados positivamente.

A COAP, unha vez analizadas as solicitudes presentadas, decidirá sobre a súa concesión.

Como regra xeral, non poderá concederse máis dunha licenza por área de coñecemento.

Prazo e lugar de presentación:

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral ou auxiliares desta Universidade.

O prazo de presentación **finaliza o día 18 de febreiro de 2010.**